

Materia: Tecnoloxía e Dixitalización		Profesora: Marta Rodríguez Lorenzo	Curso: 1º ESO
CONTIDOS			
1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> ✓ O desenvolvemento tecnolóxico ✓ Expresión gráfica ✓ Os materiais de uso técnico:a madeira 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Os materiais de uso técnico:os metais ✓ Estructuras e esforzos ✓ Mecanismos 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Dispositivos e ferramentas ✓ Programación e robótica ✓ Electricidade 	
METODOLOXÍA			
<p>A materia de Tecnoloxía en 1º ESO forma parte do programa E-Dixgal. Ademais dos recursos específicos de dito programa, empregaremos recursos tradicionais como son o encerado e o caderno de clase (para facer apuntamentos e actividades), empregaranse outros recursos didácticos: material informático e audiovisual; libros, revistas, xornais, Internet etc.</p>			
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN			
<p>A cualificación das distintas avaliacións, calcularase a partir da nota que cada alumno obteña nos seguintes apartados:</p> <p>Probos obxectivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita: Realizaranse unha proba escrita ó remate da cada UD ou cando a profesora o crea oportuno en función da materia. As probas deben ser lexibles e presentadas con unha certa orde. O non cumprimento de uns mínimos pode implicar un suspenso automático da proba. - Proba oral: Cando a profesora o estime realizará algunha proba oral, ben na exposición do documento técnico (co fin de ver a súa expresión en público) ou no transcurso da UD co fin de avaliar os seus coñecementos sobre dita unidade. - Proxecto tecnolóxico: Ó final do curso ou de xeito trimestral os alumnos poderán realizar un proxecto en grupo ou individual (sempre que a docente o considere oportuno e a situación sanitaria así o permita). A nota de dito proxecto será a media ponderada (que determinará a profesora en cada proxecto ou práctica de taller) da nota do prototipo/ maqueta/ práctica realizada e da documentación técnica aparelada ao mesmo. A nota será a mesma para todos os integrantes do grupo agás cando un membro ou membros non realicen as tarefas que se lles asignen, non entreguen os documentos no tempo establecido ou o seu comportamento impida o resto do grupo realizar os traballos con normalidade. Se o proxecto non precisa de documentación, a nota será a do prototipo. <p>Observación directa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno de aula/ actividades interactivas: A presentación do caderno nunhas condicións mínimas ó final de cada avaliación e a entrega dos deberes/actividades interactivas ben feitos nos prazos indicados, son obrigatorios para superar a materia. O caderno do alumno/a (tanto en formato papel como dixital) poderá ser recollido e/ou corrixido en calquera momento. Deberá conter os apuntamentos das explicacións da profesora, as tarefas resoltas e corrixidas na aula así como todo o material fotocopiado entregado pola profesora durante esa avaliación. De non entregarse o caderno o día solicitado ou non ter feitas as tarefas na plataforma E-Dixgal, o alumno/a disporá de dous días máis para entrégalo (coa correspondente penalización determinada pola profesora en cada caso concreto), se transcorrido ese tempo non o entregou, supoñerá un 0 no apartado que corresponda. - Comportamento: Realizarase un rexistro na ficha de avaliación do alumno que nos permitirá recoller datos sobre: comportamento respecto ás normas da clases, participación nas actividades, respecto polas normas de seguridade na aula taller, hábitos de traballo, puntualidade, faltas de asistencia etc. Os traballos individuais ou feitos en grupo así como as tarefas realizadas na casa, entregados polos alumnos/as, que se poida verificar que foron copiados ou non elaborado por eles/elas mesmos/as levarán unha cualificación de cero (0). Advertiráselle debidamente aos títulos legais do alumno. 			
NOTA FINAL	Probos obxectivas (escritas, orais, proxecto tecnolóxico,...)		70 %
	Observación directa (traballo diario, comportamento)		30 %
		* Se non hai proxecto tecnolóxico, este apartado contará un 80%	
		*Se non hai proxecto tecnolóxico, este apartado contará un 20%	

Sarria, a 5 de outubro de 2023

A profesora:

Asdo: Marta Rodríguez Lorenzo

Materia: Tecnoloxía e Dixitalización II		Profesora: Marta Rodríguez Lorenzo	Curso: 2º ESO
CONTIDOS			
1ª AVALIACIÓN		2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ✓ A tecnoloxía ✓ Documentación de proxectos ✓ Deseño e fabricación 		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Utilización das TIC no proceso tecnolóxico ✓ Mecanismos ✓ Programación 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Electricidade e electrónica ✓ Sistemas de control de robots
METODOLOXÍA			
<p>A materia de Tecnoloxía e Dixitalización en 2º ESO forma parte do programa E-Dixgal. Ademais dos recursos específicos de dito programa, empregaremos recursos tradicionais como son o encerado e o caderno de clase (para facer apuntamentos e actividades), empregaranse outros recursos didácticos: material informático e audiovisual; libros, revistas, xornais, Internet etc.</p>			
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN			
<p>A cualificación das distintas avaliacións, calcularase a partir da nota que cada alumno obteña nos seguintes apartados:</p> <p>Probas obxectivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita: Realizaranse unha proba escrita ó remate da cada UD ou cando a profesora o crea oportuno en función da materia. As probas deben ser lexibles e presentadas con unha certa orde. O non cumprimento de uns mínimos pode implicar un suspenso automático da proba. - Proba oral: Cando a profesora o estime realizará algunha proba oral, ben na exposición do documento técnico (co fin de ver a súa expresión en público) ou no transcurso da UD co fin de avaliar os seus coñecementos sobre dita unidade. - Proxecto tecnolóxico: Ó final do curso ou de xeito trimestral os alumnos poderán realizar un proxecto en grupo ou individual (sempre que a docente o considere oportuno). A nota de dito proxecto será a media ponderada (que determinará a profesora en cada proxecto ou práctica de taller) da nota do prototipo/ maqueta/ práctica realizada e da documentación técnica aparelada ao mesmo. A nota será a mesma para todos os integrantes do grupo agás cando un membro ou membros non realicen as tarefas que se lles asignen, non entreguen os documentos no tempo establecido ou o seu comportamento impida o resto do grupo realizar os traballos con normalidade. Se o proxecto non precisa de documentación, a nota será a do prototipo. <p>Observación directa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno de aula/ actividades interactivas: A presentación do caderno nunhas condicións mínimas cando a profesora o solicite e a entrega dos deberes/actividades interactivas ben feitos nos prazos indicados, son obrigatorios para superar a materia. O caderno do alumno/a (tanto en formato papel como dixital) poderá ser recollido e/ou corrixido en calquera momento. Deberá conter os apuntamentos das explicacións da profesora, as tarefas resoltas e corrixidas na aula así como todo o material fotocopiado entregado pola profesora durante esa avaliación. De non entregarse o caderno o día solicitado ou non ter feitas as tarefas na plataforma E-Dixgal, o alumno/a disporá de dous días máis para entrégalo (coa correspondente penalización determinada pola profesora en cada caso concreto), se transcorrido ese tempo non o entregou, supoñerá un 0 no apartado que corresponda. - Comportamento: Realizarase un rexistro na ficha de avaliación do alumno que nos permitirá recoller datos sobre: comportamento respecto ás normas das clases, participación nas actividades, respecto polas normas de seguridade na aula taller, hábitos de traballo, puntualidade, faltas de asistencia etc. Os traballos individuais ou feitos en grupo así como as tarefas realizadas na casa, entregados polos alumnos/as, que se poida verificar que foron copiados ou non elaborado por eles/elas mesmos/as levarán unha cualificación de cero (0). Advertiráselle debidamente aos títulos legais do alumno. 			
NO TA	Probas obxectivas (escritas, orais, proxecto tecnolóxico,...)		70 %
	Observación directa (traballo diario, libreta, comportamento)		30%

Sarria, a 11 de setembro de 2023


A profesora:

Asdo: Marta Rodríguez Lorenzo

Materia: Tecnoloxía	Profesora: Sara Abuín Rodríguez	Curso: 4º ESO	
CONTIDOS			
1ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> Tecnoloxía sostible Electrónica analóxica Electrónica dixital 	2ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> O proxecto tecnolóxico e a súa documentación Técnicas de deseño e fabricación 	3ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> Pneumática Automatización e robótica: elementos e programación 	
METODOLOXÍA			
<p>A materia de Tecnoloxía en 4º ESO forma parte do programa E-Dixgal, polo que se traballará principalmente a través desta plataforma. Todos os contidos a tratar serán colgados na mesma, así como as diversas tarefas a realizar, tanto virtuais coma para o caderno de clase. As probas poderán ser tanto en papel coma a través de E-Dixgal, priorizando a primeira opción.</p> <p>Empregaranse tamén recursos tradicionais da aula, como son o encerado ou o caderno, e o canón proxector. De ser o caso empregaranse tamén materiais específicos para actividades concretas, como material específico do taller.</p>			
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN			
<p>A cualificación das distintas avaliacións, calcularase a partir da nota que cada estudante acade nos seguintes apartados:</p> <p>Probas obxectivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Probas escritas. Realizarase como mínimo unha proba escrita ó remate da cada UD. As probas deberán ser lexibles e presentadas con unha certa orde. Probas orais. Realizaranse no caso da exposición de documentos técnicos e proxectos, ou ben para exposicións de traballos grupais. Proxecto tecnolóxico. Dependendo das circunstancias do temario e do alumnado poderase realizar ó final do curso ou de xeito trimestral algún tipo de proxecto. A nota de dito proxecto incluírá o prototipo/ maqueta/ práctica realizada e a documentación técnica aparelada ao mesmo. A nota será a mesma para todos os integrantes do grupo agás cando un membro ou membros non realicen as tarefas que se lles asignen, non entreguen os documentos no tempo establecido ou o seu comportamento impida o resto do grupo realizar os traballos con normalidade. Se o proxecto non precisa de documentación, a nota será a do prototipo. <p>Observación directa:</p> <ul style="list-style-type: none"> Caderno de aula. Será importante a presentación dun caderno nunhas condicións mínimas, onde se recollan as diferentes tarefas realizadas na aula e na casa, así como os apuntamentos das explicacións que faga a docente e así como todo o material fotocopiado que lle sexa entregado. A docente poderá solicitar o caderno en calquera momento para avalialo. Actividades interactivas e prácticas informáticas. Cando se precisen realizar tarefas no computador, como por exemplo simulacións, estas deberán cumprir os prazos establecidos pola docente. Englóbanse tanto aquelas actividades interactivas como as prácticas de manexo de programas informáticos. <p>Só se admitirán entregas fóra de prazo baixo motivos debidamente xustificadas.</p> <p>Os traballos individuais ou feitos en grupo, así como as tarefas realizadas entregadas polos estudantes, que fosen copiadas ou non elaboradas por eles/elas mesmos/as levarán unha cualificación de cero (0).</p>			
NOTA FINAL	Probas obxectivas	Probas escritas / cuestionarios online Probas orais Proxectos	70 %
	Observación directa	Prácticas informáticas	30%
		Actividades interactivas	
		Traballo diario no caderno	
No caso de que a ensinanza pase á: <ul style="list-style-type: none"> Modalidade a distancia: as probas obxectivas pasarán a representar un 100% da nota final. Modalidade semipresencial: valoraranse as porcentaxes en función da duración de dita condición. 			

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:



Asdo: Sara Abuín Rodríguez

Materia: Dixitalización	Profesora: Sara Abuín Rodríguez	Curso: 4º ESO	
CONTIDOS			
1ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> Dispositivos dixitais: elementos, configuración e conexións Creación e maquetaxe de textos Folla de cálculo 	2ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> Presentacións dixitais e infografía Xestión de bases de datos Edición de materiais audiovisuais 	3ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> Pensamento computacional Seguridade dixital Interactividade na rede 	
METODOLOXÍA			
A materia de Dixitalización en 4º ESO forma parte do programa E-Dixgal, polo que se traballará principalmente a través desta plataforma. Todos os contidos a tratar serán colgados na mesma, así como as diversas tarefas a realizar e as probas, tanto escritas como prácticas. Empregaranse tamén recursos tradicionais da aula, como son o encerado ou o caderno, e o canón proxector. De ser o caso empregaranse tamén materiais específicos para actividades concretas.			
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN			
A cualificación das distintas avaliacións, calcularase a partir da nota que cada estudante acade nos seguintes apartados:			
Probas obxectivas:			
<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas. Realizaranse no caso de que a UD teña contidos conceptuais. As probas escritas deben ser lexibles e presentadas con unha certa orde. Este tipo de probas poden facerse a través de E-Dixgal. Probas prácticas. Cando se explique a utilización dun programa informático (ou outro tipo de destreza relacionada coa materia) o estudante deberá realizar unha demostración práctica no ordenador. Traballos individuais ou colectivos. Poderá avaliarse unha UD só con traballo ou combinar traballo e probas (escritas e/ou prácticas). 			
Observación directa:			
<ul style="list-style-type: none"> Actividades interactivas e prácticas informáticas. Será preciso ir realizando diariamente as tarefas indicadas na clase, e cumprindo os prazos establecidos pola docente. Englóbanse tanto aquelas actividades interactivas como as prácticas de manexo de programas informáticos. 			
Só se admitirán entregas fóra de prazo baixo motivos debidamente xustificadas.			
Os traballos individuais ou feitos en grupo, así como as tarefas realizadas entregadas polos estudantes, que fosen copiadas ou non elaboradas por eles/elas mesmos/as levarán unha cualificación de cero (0).			
NOTA FINAL	Probas obxectivas	Probas escritas / cuestionarios online	70 %
		Probas prácticas	
		Traballos	
	Observación directa	Prácticas informáticas	30%
		Actividades interactivas	
		Traballo diario	
No caso de que a ensinanza pase á:			
<ul style="list-style-type: none"> Modalidade a distancia: as probas obxectivas pasarán a representar un 100% da nota final. Modalidade semipresencial: valoraranse as porcentaxes en función da duración de dita condición. 			

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:




Asdo: Sara Abuín Rodríguez

Materia: Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	Profesora: Sara Abuín Rodríguez	Curso: 1º BAC	
CONTIDOS			
1ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> ▪ Documentos de texto ▪ Presentación de contidos ▪ Folla de cálculo 	2ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> ▪ Xestión de bases de datos ▪ Traballo en rede e seguridade dixital ▪ Tratamento de imaxe, audio e vídeo 	3ª AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación á programación ▪ Proxectos dixitais 	
METODOLOXÍA			
<p>A materia de TIC I en 1º de BAC será impartida a través da Aula Virtual do centro, polo que se traballará principalmente a través desta plataforma. Todos os contidos a tratar serán colgados na mesma, así como as diversas tarefas a realizar e as probas, tanto escritas como prácticas.</p> <p>Empregaranse tamén recursos tradicionais da aula, como son o encerado ou o caderno, e o canón proxector. De ser o caso empregaranse tamén materiais específicos para actividades concretas.</p>			
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN			
<p>A cualificación das distintas avaliacións, calcularase a partir da nota que cada estudante acade nos seguintes apartados:</p> <p>Probas obxectivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas. Realizaranse no caso de que a UD teña contidos conceptuais. As probas escritas deben ser lexibles e presentadas con unha certa orde. Este tipo de probas poderán facerse a través da Aula Virtual ou en papel. • Probas prácticas. Cando se explique a utilización dun programa informático (ou outro tipo de destreza relacionada coa materia) o estudante deberá realizar unha demostración práctica no ordenador. • Traballos individuais ou colectivos. Poderá avaliarse unha UD só con traballo ou combinar traballo e probas (escritas e/ou prácticas). <p>Observación directa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades interactivas e prácticas informáticas. Será preciso ir realizando diariamente as tarefas indicadas na clase, e cumprindo os prazos establecidos pola docente. Englóbanse tanto aquelas actividades interactivas como as prácticas de manexo de programas informáticos. <p>Só se admitirán entregas fóra de prazo baixo motivos debidamente xustificadas.</p> <p>Os traballos individuais ou feitos en grupo, así como as tarefas realizadas entregadas polos estudantes, que fosen copiadas ou non elaboradas por eles/elas mesmos/as levarán unha cualificación de cero (0).</p>			
NOTA FINAL	Probas obxectivas	Probas escritas / cuestionarios online	70 %
		Probas prácticas	
		Traballos	
	Observación directa	Prácticas informáticas	30%
		Actividades interactivas	
		Traballo diario	
No caso de que a ensinanza pase á: <ul style="list-style-type: none"> • Modalidade a distancia: as probas obxectivas pasarán a representar un 100% da nota final. • Modalidade semipresencial: valoraranse as porcentaxes en función da duración de dita condición. 			

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:



Asdo: Sara Abuín Rodríguez

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA:

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá facer unha proba de recuperación que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Esta proba de recuperación poderá ser dividida en varias partes, que se detallarán ao alumnado por parte do profesorado, cando se lle entreguen as notas da avaliación final ordinaria.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao longo do curso, ao alumnado que teña a materia pendente, entregaráselle unha serie de exercicios de repaso das unidades da materia, que serán devoltos ao xefe ou á xefa de departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. Poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre algunha unidade didáctica. No caso de que o profesorado o estime necesario, poderá realizarse un exame na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas. O alumnado disporá por escrito de toda a información sobre as ponderacións dos distintos procedementos de avaliación (exames, exercicios, traballos). No caso de non superar a materia no período ordinario, o alumnado disporá dun exame final extraordinario. Para poder superar a materia neste exame, a cualificación terá que ser igual ou superior a 5, non aplicándose redondeo.

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:

Asdo: Sonia Bergantiños Grandío

Materia: TIC II	Profesora: Sonia Bergantiños	Curso:2º BAC
CONTIDOS		
<p>1ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.1.AUTOMATIZACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS ✓ U.D.2.LINGUAXE HTML E CSS E FERRAMENTAS DE INTERACCIÓN VIRTUAL ✓ U.D.3.PROGRAMACIÓN 	<p>2ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.4.CORRECCIÓN DE IMAXES FIXAS ✓ U.D.5.EFECTOS VISUAIS (VFX) ✓ U.D.6.CREACIÓN E EDICIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS 	<p>3ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.7.SEGURIDADE, BENESTAR E CIDADANÍA DIXITAL ✓ U.D.8.PROXECTO DIXITAL
OBXECTIVOS E COMPETENCIAS: Consúltense na programación didáctica		
METODOLOXÍA		
<p>A materia de TIC II, impartirase empregando a aula virtual do centro. Tamén empregaremos recursos tradicionais (encerado, PDI, caderno de clase), , material informático e audiovisual; libros, revistas, xornais etc. Traballaremos na aula, no e na Aula de Informática e puntualmente no taller de Tecnoloxía</p>		
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN		
<p>O instrumento de avaliación empregado en todas as U.D será a táboa de indicadores. Nela recolleranse aspectos do traballo diario como o tratamento de datos, creación de contidos interactivos, deseño de programas, creación e edición de pezas audiovisuais e o emprego das ferramentas dixitais acorde ás leis de propiedade intelectual. Observarase que o alumnado teña unha actitudes de respecto e protección no uso das redes.</p> <p>A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación (recollido no punto 3.1 da programación)</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Primeira avaliación= (33x NotaUD1 + 33x NotaUD2+33x NotaUD3)/100 ✓ Segunda avaliación = (33x NotaUD4 + 33x NotaUD5+ 33x NotaUD6) /100 ✓ Terceira avaliación = (509x NotaUD7 + 509x NotaUD8) /100 		
<p>Cualificación final ordinaria da materia virá dada polos pesos das distintas unidades didácticas impartidas no curso. Os pesos outorgados a cada unidade didáctica recóllense no apartado 3.1 da programación.</p>		
<p>(11x NotaUD1 + 11 x NotaUD2 + 11 x NotaUD3 +11 x NotaUD4 + 11x NotaUD5 + 11 x NotaUD6 + 17x NotaUD7 + 17x NotaUD8)/100= 33% 1ªaval + 33% 2ªaval + 33% 3ªaval</p>		
<p>No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, modificarase a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda. No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.</p>		
CRITERIOS DE RECUPERACIÓN		
<p>CONVOCATORIA ORDINARIA:</p> <p>Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia, que lle impida obter unha cualificación mínima de un 5 na avaliación final ordinaria, realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación. Para a cualificación desta avaliación, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas, indicados na programación, aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación.</p>		
<p>CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA:</p> <p>O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá facer unha proba de recuperación que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Esta proba de recuperación poderá ser dividida en varias partes, que se detallarán ao alumnado por parte do profesorado, cando se lle entreguen as notas da avaliación final ordinaria.</p>		
PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES		
<p>Ao longo do curso, ao alumnado que teña a materia pendente, entregaráselle unha serie de exercicios de repaso das unidades da materia, que serán devoltos ao xefe ou á xefa de departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. Poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre algunha unidade didáctica. No caso de que o profesorado o estime necesario, poderá realizarse un exame na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas. O alumnado disporá por escrito de toda a información sobre as ponderacións dos distintos procedementos de avaliación (exames, exercicios, traballos).No caso de non superar a materia no período ordinario, o alumnado disporá dun exame final extraordinario. Para poder superar a materia neste exame, a cualificación terá que ser igual ou superior a 5, non aplicándose redondeo.</p>		

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:

Asdo: Sonia Bergantiños Grandío

Materia: Tecnoloxía e Enxeñaría II	Profesora: Sonia Bergantiños	Curso:2º BAC
---	-------------------------------------	---------------------

CONTIDOS

<p>1ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.1.MATERIAIS E FABRICACIÓN ✓ U.D.2.ESTRUTURAS ✓ U.D.3.MÁQUINAS TÉRMICAS 	<p>2ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.4.NEUMÁTICA E HIDRÁULICA ✓ U.D.5.CORRIENTE ALTERNA 	<p>3ª AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ U.D.6.ELECTRÓNICA DIGITAL ✓ U.D.7.AUTOMATIZACIÓN Y CONTROL ✓ U.D.8.PROXECTO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
--	---	--

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS: Consúltense na programación didáctica

METODOLOXÍA

A materia de Tecnoloxía e Enxeñaría, impartirase empregando a aula virtual do centro. Tamén empregaremos recursos tradicionais (encerado, PDI, caderno de clase), material específico para talleres, material informático e audiovisual; libros, revistas, xornais etc. Traballaremos na aula, no taller de Tecnoloxía e na Aula de Informática.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados son principalmente:

- **Probas escritas:** Farase unha proba escrita ó remate da cada UD ou cando o profesor o crea oportuno en función da materia. As probas deben ser lexibles e presentadas con unha certa orde. Avaliarase con este tipo de instrumento a resolución de problemas, representación e análise diferentes instalacións e os conceptos básicos da unidade didáctica correspondente.

- **Táboa de indicadores:** Onde se recollen aspectos relacionados co deseño, montaxe e simulacións de diferentes circuitos, emprego de ferramentas de deseño, así como o traballo diario. Esta ferramenta é verdadeiramente útil na realización de proxectos tecnolóxicos/prácticas de taller onde se rexistrará a actitude ante a investigación, xestión e coordinación de proxectos, presentación de traballos e a actitude ante o traballo en equipo.

O tipo de instrumento empregado en cada criterio de avaliación queda reflexado no apartado 3.3. da programación, e o seu peso en cada UD está recollida no apartado 5.2. A continuación expoñemos un resumo dos pesos de cada un destes instrumentos en relación a cada unidade didáctica:

	Probas escritas (%)	Táboa de indicadores(%)		Probas escritas(%)	Táboa de indicadores(%)
U.D.1.	95	5	U.D.5.	100	
U.D.2.	100		U.D.6.	80	20
U.D.3.	100		U.D.7.	80	20
U.D.4.	100		U.D.8.		100

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación (recollido no punto 3.1 da programación)

- ✓ Primeira avaliación= (30x NotaUD1 + 30x NotaUD2+40x NotaUD3)/100
- ✓ Segunda avaliación = (50 x NotaUD4 + 50x NotaUD5) /100
- ✓ Terceira avaliación = (52x NotaUD6 + 29x NotaUD7 + 19x NotaUD8) /100

Cualificación final ordinaria da materia virá dada polos pesos das distintas unidades didácticas impartidas no curso. Os pesos outorgados a cada unidade didáctica recóllense no apartado 3.1 da programación.

(10x NotaUD1 + 10 x NotaUD2 + 14 x NotaUD3 +16 x NotaUD4 + 16x NotaUD5 + 18 x NotaUD6 + 10 x NotaUD7 + 6 x NotaUD8)/100

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, **cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.**

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, modificarase a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

CONVOCATORIA ORDINARIA:

Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia, que lle impida obter unha cualificación mínima de un 5 na avaliación final ordinaria, realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación. Para a cualificación desta avaliación, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas, indicados na programación, aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA:

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá facer unha proba de recuperación que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Esta proba de recuperación poderá ser dividida en varias partes, que se detallarán ao alumnado por parte do profesorado, cando se lle entreguen as notas da avaliación final ordinaria.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao longo do curso, ao alumnado que teña a materia pendente, entregaráselle unha serie de exercicios de repaso das unidades da materia, que serán devoltos ao xefe ou á xefa de departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. Poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre algunha unidade didáctica. No caso de que o profesorado o estime necesario, poderá realizarse un exame na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas. O alumnado disporá por escrito de toda a información sobre as ponderacións dos distintos procedementos de avaliación (exames, exercicios, traballos). No caso de non superar a materia no período ordinario, o alumnado disporá dun exame final extraordinario. Para poder superar a materia neste exame, a cualificación terá que ser igual ou superior a 5, non aplicándose redondeo.

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora:

Asdo: Sonia Bergantiños Grandío